

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 8 de agosto de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas Gonzále

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día oito de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(908).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(909).- DAR CONTA MODIFICACIÓN COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL: NOMEAMENTO SEGUNDO SUPLENTE DA SECRETARIA.**

Dáse conta da resolución do Excmo. Alcalde, do 8.08.13, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*Por decreto de data 13 de xuño de 2011 (modificado por Resolucións do 06/02 e 23/05/2013) a Alcaldía-Presidencia nomeou aos membros da Xunta de Goberno Local e designou a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey como secretaria e a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez como suplente da mesma*

*Nas datas actuais e por razóns organizativas, faise necesario nomear a un segundo suplente da secretaria da Xunta de Goberno Local a quen, en ausencia da titular e da primeira suplente, lle corresponderán as funcións establecidas no artigo 126.4 da LBRL.*

*Polo exposto, de conformidade co establecido nos artigos 3, 52 e 53, e demais concordantes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e preceptos concordantes da Lei 7/1985,*

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear segundo suplente da secretaria da Xunta de Goberno Local ao concelleiro e membro da mesma, D. CARLOS LÓPEZ FONT, a quen lle corresponderán as funcións establecidas no artigo 126.4 da LBRL en ausencia da titular do cargo e da primeira suplente.

Segundo.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Terceiro.- Comunicar a presente aos concelleiros/as interesados e facela pública mediante a intranet municipal para xeral coñecemento.

Cuarto.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce vinte. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.